

DECRETO DE 10 DE AGOSTO DE 2020:

D. Vicente Gómez García, Alcalde do Concello de Castelo do Val (Ourense), en base ás competencias que en materia de contratación atribúe a Alcaldía a Disposición Adicional 2.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e á delegación efectuada polo Pleno, en sesión realizada o 19 de xuño de 2019, a favor desta Alcaldía en materia de contratación e aprobación de proxectos de obras, e

Vista a subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Dirección Xeral da Administración Local por importe de 33.704,22 € para o proxecto denominado “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castelo do Val”.

Visto o Anteproxecto/Memoria Técnica Valorada de “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castelo do Val”, cun orzamento de 38.192,46 € e 8.020,42 € de ive (total 46.212,88 € ive incluído), elaborada polo arquitecto técnico D. Juan Manuel Mera Díaz, colexiado nº 159.

Visto o informe favorable do técnico municipal, Arquitecto técnico, D. Juan Manuel Mera Díaz.

RESOLVO:

1º.- Aprobar o Anteproxecto/Memoria Técnica Valorada de “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castelo do Val”, cun orzamento de 38.192,46 € e 8.020,42 € de ive (total 46.212,88 € ive incluído), elaborada polo arquitecto técnico D. Juan Manuel Mera Díaz, colexiado nº 159.

2º.- Xustificar a necesidade de execución do proxecto de obra “Reforma e ampliación de parque infantil “O Terrón” en Castelo do Val”, dada a subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Dirección Xeral da Administración Local por importe de 33.704,22 €.

3º.- Iniciar expediente de contratación por contrato menor dado que o orzamento da obra non supera a cuantía sinalada no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

4º.- Encargarlle ó Secretario-interventor o correspondente informe de secretaría e o certificado sobre existencia de crédito nos orzamentos vixentes.

5º.- Unha vez redactados os anteriores documentos, sométase ó órgano competente para aprobación do correspondente expediente.

Castelo do Val,

**O Alcalde
Vicente Gómez García**

O Secretario

Designado en Comisión Circunstancial,
por decreto do Deputado Delegado de
Transparencia e Administración
Provincial da Deputación Provincial de
Ourense de data 11/02/2020

Mario L. Rodríguez Fernández

